

ANUNCIO

SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN. PROBA PRÁCTICA

Proceso selectivo para a cobertura en propiedade por persoal funcionario de carreira, en quenda libre, mediante o sistema de concurso-oposición, de dúas (2) prazas de Oficial Tractorista incluídas na OEP 2022 Ordinaria do Concello de Carballo.

Consonte ao indicado na **Base Undécima** das Bases Xerais e Bases Específicas do presente proceso selectivo, **o segundo exercicio da fase de oposición, proba práctica**, de realización obrigatoria e de carácter eliminatorio, valorase con un **máximo de 60 puntos**:

«Consistirá na **execución de actividades propias do posto**, un ou varios supostos prácticos que demostren a posesión de habilidades e destrezas en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria e ás funcións propias do posto convocado.

Neste exercicio, valorase:

- **Ata 30 puntos:** a calidade das actividades desenvolvidas, de acordo cos estándares da práctica laboral.
- **Ata 20 puntos:** a sultura e pericia das persoas aspirantes no desenvolvemento das mesmas, así como, no uso dos equipos, maquinaria, útiles, ferramentas e instrumentos que puidesen resultar necesarios.
- **Ata 10 puntos:** o correcto emprego de técnicas e medidas de protección e seguridade, tanto propias como aplicables ás persoas usuarias.

O tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización deste exercicio, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 60 puntos, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 30 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminados/as.»

O tribunal acorda a publicación do/s **Anexo/s da PROBA PRÁCTICA**, realizada o 3 de abril do 2025, versión en castelán e versión en galego, así como, dos **criterios de valoración** das mesmas, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e, de forma supletoria, na páxina web municipal.

En Carballo, documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe

A Presidenta
Ana Pena Bello

A Secretaria
María José Soto López